

MEMORIA DE REALIZACIÓN DO PROXECTO

“SEMINARIOS DE DIFUSIÓN TECNOLÓXICA PARA AS EMPRESAS DO SECTOR DO MEDIO AMBIENTE 2011”

EXPEDIENTE: PR521A-2011-16482



VERSIÓN ELECTRÓNICA BAIXO LICENZA
CREATIVE COMMONS NO ENLACE SITO NO
BANNER DEREITO DE WWW.APROEMA.COM



ÍNDICE

| | |
|--|----|
| 1. INTRODUCCIÓN | 3 |
| 2. EXECUCIÓN DOS SEMINARIOS | 5 |
| 2.1. Programación: | 5 |
| 2.2. Os seminarios: | 6 |
| 2.3. Lugares de execución: | 10 |
| 2.4. Relatores: | 11 |
| 2.5. Outro equipo de traballo: | 13 |
| 3. OS CONTIDOS | 13 |
| 4. CONCLUSIÓNS | 16 |
| 5. ANEXO I: GALERÍA FOTOGRÁFICA | 17 |
| 6. ANEXO II: CADRO DE EXECUCIÓN | 19 |

1. INTRODUCCIÓN.

A Asociación Profesional de Empresas Medioambientales de Galicia, **APROEMA**, ven de ofrecer durante os meses de Outubro e Novembro deste ano un programa de Seminarios especializados, adicados a amosar a estudantes, traballadores por conta allea, e traballadores autónomos, cunha relación directa ou indirecta no **desenrolo, optimización e funcionamento do sector Medio Ambiental en Galicia**, novas formas de entender un medio empresarial específico que se atopa nun cambio continuo e solapado co obxectivo de atender eficientemente as demandas, dinámicas e requirimentos do mercado.

Esta programación, así coma as características que compuxeron a celebración de cada unha das actividades realizadas, baseáronse en achegar ás persoas e ás organizacións a aquelas **técnicas innovadoras** no eido medioambiental que puideran **redimensionar o seu potencial laboral/empresarial**, así coma o **horizonte** das empresas do sector, amosándolles novidades concretas que poden mellorar a súa actividade, incluíndo a innovación proposta dende as novas tecnoloxías para o sector do Medio Ambiente.

O perfil que amosan o tecido industrial medioambiental en Galicia, e a súa actividade, está formado na súa maioría por pequenas e medianas empresas con **grandes dificultades para acceder axeitadamente a este tipo de formación e difusión especializada**, nun campo tan específico, e baixo o paradigma que supoñen hoxe



as Novas Tecnoloxías. Co obxectivo anterior, e o alcance que supón atender esta carencia, as actuacións realizadas non so resultaron axeitadas, e oportunas, senón que **indicaron con claridade un camiño a traballar** en sucesivas edicións, logo de materializar un fomento efectivo do uso das novas tecnoloxías a través de instrumentos específicos para as operacións ou xestión destas empresas, realizando unha **contribución sostible á súa produtividade**, e á ampliación ou mellora do horizonte laboral dos seus traballadores.

Das posibilidades de actualización dos seus recursos humanos e aplicacións, así como da presenza efectiva destas coma ferramentas de mellora e modernización na dinámica empresarial inherente ao seu modelo de negocio, depende en gran parte **o futuro dun sector en crecemento**, cuxa presenza no mercado se incrementa ano a ano. A viabilidade empresarial dos diferentes axentes económicos que o compoñen vai estar suxeita indefectiblemente a esta **flexibilidade**, e **capacidade de actualización tecnolóxica e organizativa**.



O feito de executar esta iniciativa en diferentes localidades galegas asegurou unha **canle de difusión precisa e axeitada** para achegar as últimas vantaxes das novas tecnoloxías ás empresas do sector medioambiental galego, así coma a aqueles traballadores ou organizacións relacionados ca súa actividade.

Deste xeito, esta iniciativa contribuíu con firmeza ao **fomento da implantación da Sociedade da Información na comunidade Galega**, atendendo ás necesidades dun segmento específico, e integrándoo nas dinámicas xerais de crecemento, sostibilidade e futuro existentes no mercado.

Aproema. Vigo, Novembro de 2011.



Os Modelos científicos e Introducción ao Software de Modelización. Santiago de Compostela, 27/10/2011

2. EXECUCIÓN DOS SEMINARIOS.

A execución destes Seminarios artellouse en base a un obxectivo primeiro segundo o cal estas xornadas deben resultar útiles, produtivas, actualizadas, oportunas, e de inmediata aplicación no eido directo de traballo das empresa do sector medioambiental galego.

Segundo isto, as actividades que se realizaron foron programadas baixo as seguintes características:

- **Actualidade:** propuxeron alternativas, coñecementos, ferramentas y conceptos debidamente actualizados ás principais e/ou m[^]asi novidades tendencias do mercado.
- **Oportunidade:** foron inguidas ao perfil medio das empresas deste eido en Galicia, así como ao dos seus traballadores e medios dispoñibles habitualmente.
- **Aplicación:** tódolos conceptos difundidos se poden aplicar de xeito produtivo no sector medioambiental galego.

Para acadar isto, e logo de ter confeccionado o proxecto que se solicitou no seu día, confirmouse a grella de poñentes segundo os criterios anteriores, e se lles propuxo adecuar os contidos e/ou metodoloxía a un perfil medio de empresa/empregado do sector medio ambiental en Galicia.

2.1. Programación:

Para a execución dos Seminarios que compuxeron o programa deste proxecto, a Asociación Profesional de Empresas Medioambientales de Galicia, **APROEMA**, contou colaboración entidade **Gdoce Grupo Empresarial de Servicios SL**, na xestión e impartición completa do proxecto, tal e coma xa figuraba na solicitude e na concesión do mesmo.



“As TIC na Empresa Ambiental. Uso básico de Sistemas de Información”. Santiago de Compostela 20/10/2011


Seguindo as características nomeadas, esta execución optou por adoptar produtivamente un **formato** de Seminarios de 5 horas de duración, coa finalidade de que as persoas obxectivo puideran asistir con facilidade, asumindo coma estrutura o feito de proporcionar aos asistentes una perspectiva mínima completa sobre as novidades tecnolóxicas do sector que a

posteriori lles puidera facilitar unha primeira toma de decisións no seu rol profesional específico.

Dende **APROEMA**, entidade con implantación en toda Galicia, focalizouse a celebración destes Seminarios nas **zonas de maior implantación empresarial** de empresas vencelladas a este sector. É por elo que os Seminarios realizados tiveron lugar nas dúas provincias galegas con maior presenza da industria medioambiental, e, ao mesmo tempo, maior potencial de impacto: A Coruña e Pontevedra).

2.2. Os seminarios:

Os Seminarios realizados presentaron as seguintes **características**:



En base a esta articulación, e cos obxectivos previstos mencionados, ofreceuse un conxunto total de Seminarios enfocados a **áreas de distinta natureza**, aunque sempre **complementarias** nun modelo de negocio propio do sector medioambiental, conformando deste xeito unha oportunidade resultar útiles e proveitosos tanto para as empresas coma para os traballadores, podendo proceder de diferentes contornas empresariais, ao ofrecer unha liña de utilidade común e transversal a todos eles.

O **calendario de celebración** levado a cabo foi o seguinte:

| DENOMINACIÓN | DATA | HORARIO | LUGAR |
|--|------------|---------------|------------------------|
| As TIC na empresa Ambiental. Uso básico de Sistemas de Información – Edición 1 | 20/10/2011 | 09:00 - 14:00 | Vigo |
| As TIC na empresa Ambiental. Uso básico de Sistemas de Información – Edición 2 | 20/10/2011 | 16:00 - 21:00 | Pontevedra |
| As TIC na Xestión de Augas. Automatización do Control e Xestión – Edición 1 | 04/11/2011 | 09:00 - 14:00 | Santiago de Compostela |
| As TIC na Xestión de Augas. Automatización do Control e Xestión – Edición 2 | 04/11/2011 | 16:00 - 21:00 | Vigo |
| Os Modelos científicos e Introducción ao Software de Modelización – Edición 1 | 27/10/2011 | 09:00 - 14:00 | Santiago de Compostela |
| Os Modelos científicos e Introducción ao Software de Modelización – Edición 2 | 27/10/2011 | 16:00 - 21:00 | Vigo |
| Redes Sociais e Empresa – Edición 1 | 08/11/2011 | 16:00 - 21:00 | Vigo |
| Redes Sociais e Empresa – Edición 2 | 10/11/2011 | 16:00 - 21:00 | Vigo |


En total, celebráronse oito seminarios cunha duración total de cinco horas cada un, sumando un total de **40 horas de difusión e formación en novas aplicacións no eido medioambiental** aplicables ao tecido empresarial galego. Ademais, realizouse un especial fincapé nunha necesaria sensibilización no **uso, aplicación e integración** das novas tecnoloxías, tanto a nivel procedimental, coma nas novas ferramentas dispoñibles.

Os **medios de difusión** empregados para a captación dos participantes incluíron dende información mediante páxinas web, ou información directa a asociados de APROEMA, a ata unha captación a través das empresas do sector, para a cal se contou cun equipo de telemarketing.

Compre destacar tamén que tódolos lugares de celebración dispoñían do **material** necesario para unha correcta execución das sesións, tanto nos medios operativos propios do emprazamento, e **medios** didácticos, coma nos útiles a entregar aos alumnos. No comezo de cada Seminario a sala estaba

preparada para a impartición total dos contidos, e os materiais dispostos para ser utilizados e/ou entregados.

En todos os Seminarios houbo unha **presentación** inicial onde se inculcaron os obxectivos desta iniciativa, así coma os organismos promotores que a cofinanciaron, para definir, posteriormente, o percorrido concreto desa sesión. Nese intre, **tódolos participantes recibiron unha carpeta, un bloc de notas, bloc de notificacións en papel de cores, e un bolígrafo**, para un mellor aproveitamento dos relatorios, e dos seus contidos. Todo o material entregado amosaba serigrafiados os **logotipos** das entidades promotoras destes Seminarios.



Tendo en conta a previsible **variedade de perfís profesionais** que participaron na celebración de cada un dos Seminarios nomeados -incluíndo empregados de empresas do sector, estudantes, docentes de escolas de FP, e persoas desempregadas- a base do desenrolo destas sesións, así coma de cada unha das partes nas que se dividiron, consistiu en realizar unha **aportación en valor** a través da difusión e/ou transmisión das novas técnicas e coñecementos que poden supor unha **mellora profesional** para as persoas, e unha mellora cualitativa no seu **desempeño** para as empresas.

Neste camiño, os relatores empregaron **dinámicas activas** que facilitaron a asimilación dos conceptos con claridade, amosando a cada un dos perfís profesionais asistentes diferentes enfoques e aplicacións, enriquecendo a perspectiva xeral que se transmitiu á totalidade de participantes. Para elo, tódalas sesións se viron acompañadas por **material visual** que fixo máis sinxela a asimilación, e achegou un xeito máis visible e práctico de aproximarse ás técnicas e aplicacións expostas.

Na meirande parte destas sesións, a interese suscitada, así como a densidade e utilidade do debate orixinado ao longo dos relatorios, concluíndo na rolda de preguntas finais, provocaron que a **duración real se dilatase máis alá da duración oficial prevista**, suscitando de novo a necesidade de reincidir neste tipo de propostas, na procura de mitigar as carencias, necesidades e interese detectadas en empresas e persoas.



As TIC na Xestión de Augas. Automatización do Control e Xestión. Vigo 04/11/2011

Coa intención de determinar a valoración dos asistentes, e o seu grado de satisfacción, ao remate de cada un dos Seminarios realizados, entregóuselles **unha enquisa na que puideron valorar**, de xeito voluntario, cada unha das actividades realizadas; manifestando así a súa visión tanto da organización coma dos relatores e da actividade como tal.

Nestas enquisas concluíuse que estas accións tiveron unha grande acollida, e unha **valoración moi positiva** en todos os niveis a valorar polos asistentes. Unha das conclusións máis sobresaíntes nas valoracións que transmitiron os participantes foi a constatación da súa **intención de repetir a experiencia**, logo de ter atopado unha utilidade directa entre os contidos, metodoloxía e execución destas sesións, e as necesidades que atinxen ao seu traballo, ou aos proxectos da súa organización.

O éxito desta convocatoria reflíctese tamén no feito de que moitos dos profesionais que **participaron nunha -ou incluso varias- das sesións** celebradas, **non dubidaron en desprazarse** varios quilómetros para poder acudir e participar no seu desenrolo.

Isto da boa conta da **acollida e necesidade** deste tipo de actividades, e das lagoas existentes en sectores tan especializados coma este. No caso do sector medioambiental, a necesidade de solucionar as necesidades e consecuencias desta especialización crece en importancia a medida que medra tamén ostensiblemente o peso deste sector, e das súas relacións, na nosa economía.

2.3. Lugares de execución:

Os **lugares elixidos** para a realización deste Seminarios, na procura dunha optimización do alcance desta iniciativa sobre o tecido empresarial medioambiental galego, foron os Vigo, Pontevedra, e Santiago de Compostela.

En cada unha destas localidades contouse cunha **sala de conferencias** dotada de tódolos **medios** necesarios (Conexión a internet, Canón proxector, pantalla de proxector, altavoces, ordenador portátil, cableado, e pizarra ou papelógrafo) para unha boa execución destes seminarios.



Os Modelos científicos e Introducción ao Software de Modelización. Santiago de Compostela, 27/10/2011

Ademais, ofrecéuselle aos alumnos unha **“pausa-café”** na metade de cada sesión, para un maior aproveitamento da mesma, e fomentando un espazo no que poder intercambiar opinións e compartirlas súas inquietudes e experiencias profesionais.

Todos os locais nos que se celebraron estas sesións estaban preparados para acoller a un número entre 25 e 35 persoas, sendo os lugares escollidos os seguintes:

| DENOMINACIÓN | CENTRO DE REALIZACIÓN |
|--|--|
| As TIC na empresa Ambiental. Uso básico de Sistemas de Información – Edición 1 | Educatic Gap Pue SL. Rúa Zamora nº 106- 36211-Vigo. |
| As TIC na empresa Ambiental. Uso básico de Sistemas de Información – Edición 2 | Academia Postal 3 Vigo SL. Rúa Paseo de Colón Nº7- Pontevedra |

| | |
|---|---|
| As TIC na Xestión de Augas. Automatización do Control e Xestión – Edición 1 | Hotel Os Abetos. San Lázaro, s/n, 15820 Santiago de Compostela, A Coruña |
| As TIC na Xestión de Augas. Automatización do Control e Xestión – Edición 2 | Educativ Gap Pue SL. Rúa Zamora nº 106- 36211-Vigo. |
| Os Modelos científicos e Introducción ao Software de Modelización – Edición 1 | Hotel Os Abetos. San Lázaro, s/n, 15820 Santiago de Compostela, A Coruña |
| Os Modelos científicos e Introducción ao Software de Modelización – Edición 2 | Educativ Gap Pue SL. Rúa Zamora nº 106- 36211-Vigo. |
| Redes Sociais e Empresa – Edición 1 | Educativ Gap Pue SL. Rúa Zamora nº 106- 36211-Vigo. |
| Redes Sociais e Empresa – Edición 2 | Educativ Gap Pue SL. Rúa Zamora nº 106- 36211-Vigo. |

2.4. Relatores:

Gdoce foi a entidade encargada da xestión e execución da celebración dos Seminarios que compoñen este proxecto. Esta entidade conta cun importante equipo de profesionais da difusión, docencia, e colaboradores especializados, con amplo coñecemento no sector tecnolóxico e medio ambiental.

Os profesionais que impartiron os Seminarios anteriores foron:

➤ **María Jesús Pérez Vázquez.**

- As TIC na empresa Ambiental. Uso básico de Sistemas de Información – Edición 1
- As TIC na empresa Ambiental. Uso básico de Sistemas de Información – Edición 2
- As TIC na Xestión de Augas. Automatización do Control e Xestión – Edición 1
- As TIC na Xestión de Augas. Automatización do Control e Xestión – Edición 2
- Os Modelos científicos e Introducción ao Software de Modelización – Edición 1
- Os Modelos científicos e Introducción ao Software de Modelización – Edición 2

Notas de interés:

- Socia fundadora, xerente e responsable técnica de Estrategia y Gestión Ambiental, S.L. (ESGAM).
- Relación coa universidade e outras entidades: Colaboradora en accións formativas.

➤ **Jorge Seoane Brandariz**

- Modelos científicos e Introducción ao Software de Modelización – Edición 1
- Os Modelos científicos e Introducción ao Software de Modelización – Edición 2

Notas de interés:

- Enxeñeiro no Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG)
- Autor de múltiples publicacións internacionais sobre aplicacións tecnolóxicas no eido medioambiental.

➤ **Mario González Granja**

- Modelos científicos e Introducción ao Software de Modelización – Edición 1
- Os Modelos científicos e Introducción ao Software de Modelización – Edición 2

Notas de interés:

- Xerente de Desenrolo de Negocio en Soluciones Medioambientales y Aguas S.A.
- Enxeñeiro Industrial.

➤ **Jaime Otero Sánchez**

- Modelos científicos e Introducción ao Software de Modelización – Edición 1
- Os Modelos científicos e Introducción ao Software de Modelización – Edición 2

Notas de interés:

- Desenrolo de Negocio en Soluciones Medioambientales y Aguas S.A.
- Enxeñeiro Técnico.

➤ **Arancha Vilas Pérez**

- Redes Sociais e Empresa – Edición 1
- Redes Sociais e Empresa – Edición 2

Notas de interés:

- Executiva de contas en J&J Publicidad y Comunicación. Especialista en Community Manager.
- Licenciada en Publicidad y Relaciones públicas, Universidade de Vigo

Ademais da aportación feita polo equipo de relatores, fundamental para a boa realización destas sesións, tamén se ofreceu aos asistentes o material que estes propuxeron e/ou confeccionaron, axustado ao perfil medio dos asistentes, para garantir a calidade na execución dos Seminarios e o máximo cumprimento dos obxectivos baixo os cales se se artellou este proxecto.



Redes Sociais e Empresa. Vigo, 10/11/2011.

2.5. Outro equipo de traballo:

Co propósito de desenrolar correctamente toda a actividade que implica a realización destes seminarios, dende Gdoce Grupo Empresarial de Servicios S.L. coordinouse e supervisouse a realización de tódalas tarefas necesarias a cada paso. Para elo, asumiron os seguintes roles neste proxecto:

- **Coordinador:** persoa encargada da organización e comunicación coa entidade solicitante, coa finalidade de que todo o proceso estivera estruturado encol dos obxectivos subliñados, asegurando a súa boa execución e tomando as decisións necesarias para corrixir aquelas desviacións ou eivas que foron atopadas.
- **Persoal administrativo e de atención:** este equipo de persoas realizou todo aquel traballo administrativo, loxístico, e de atención a ponentes e asistentes que permitiu unha celebración axeitada e sen imprevistos.
- **Equipo de telemarketing:** co obxectivo de cumprir con tódolos parámetros enunciados na solicitude no prazo existente, levouse a cabo unha labor de difusión dende o equipo de telemarketing cun reforzo adicional sobre o previsto. Deste xeito, conseguiuase unha comunicación áxil e directa con todos os elementos do proxecto, sendo unha peza vital na fase de captación, comunicación e difusión das actividades.

3. OS CONTIDOS

Para a preparación dos contidos de cada un dos Seminarios celebrados tivéronse en conta os seguintes criterios:

- Perfil dos participantes.
- Modelos de negocio medioambiental predominantes en Galicia.
- Situación actual do sector medioambiental en España e en Galicia.
- Novas tecnoloxías medioambientais con potencial empresarial.
- A demanda do mercado.

Tomando estes criterios coma elemento discriminador e articulador dos puntos que compuxeron cada relatorio, logrouse ofrecer aos asistentes un contido útil, innovador e adaptado as súas necesidades.

Deste xeito, púidose ofrecer un contido de natureza práctica e aplicación inmediata no eido empresarial que incluso no intre da execución de cada unha das sesións seguiu a adaptarse ás demandas e especificacións dos asistentes.

O contido exposto polos relatores foi entregado a tódolos os asistentes no momento previo ao comezo de cada sesión, amosando coma puntos a tratar en os seguintes:

| SEMINARIO | AS TIC NA EMPRESA AMBIENTAL. USO BÁSICO DE SISTEMAS DE INFORMACIÓN |
|--------------------|--|
| Motivación: | <p>O seu uso crecente confírelle aos sistemas SIG unha grande importancia na investigación, monitorización, avaliacións multicriterio e multiobxectivo, e todo tipo de estudos medioambientais en xeral.</p> <p>Este Seminario introducirá aos asistentes nas vantaxes, produtividade e melloras que a adopción e uso dun destes sistemas poden significar para a súa empresa, nun contexto de aproximación ás novas tecnoloxías.</p> |
| Programa: | <ol style="list-style-type: none">1. Aplicación das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) o sector ambiental.2. Necesidades do sector ambiental en relación ás TIC.3. Principais ferramentas TIC dispoñibles como resposta ás necesidades do sector.4. O papel das TIC na empresa ambiental.5. O Sistema de Información Xeográfica (SIG) como elemento para a resolución de problemas complexos de planificación e xestión.6. Principais técnicas e software segundo as súas aplicacións prácticas. Vantaxes e inconvenientes.7. A aplicación do SIG na xestión da Avaliación do Impacto Ambiental (E.I.A.), Autorización Ambiental Integrada (A.A.I.) e Avaliación Ambiental Estratéxica (E.A.E.)8. Casos reais. |

| SEMINARIO | AS TIC NA XESTIÓN DE AUGAS. AUTOMATIZACIÓN DO CONTROL E XESTIÓN |
|--------------------|---|
| Motivación: | <p>Galicia é un exemplo a nivel internacional en relación a enerxía hidráulica xa que conta cos recursos naturais que lle facilitan un acceso a este tipo de enerxía que non existe noutras zonas, aínda así, a xestión da auga está cada día en proceso de mellora, con novas accións específicas que fomentan a necesidade de implantar novos sistemas de mellora para facilitar o día a día ós usuarios da auga e, o mesmo tempo, facer un mellor uso dos recursos naturais. E por iso, que a realización desta actividade achega os participantes ás novas tecnoloxías que están a desenrolarse en esta área, coma pode ser a</p> |

SEMINARIO**AS TIC NA XESTIÓN DE AUGAS. AUTOMATIZACIÓN DO CONTROL E XESTIÓN**

activación de regadíos mediante o móbil, para fomentar o crecemento empresarial fomentando a sostenibilidade.

Programa:

1. Control remoto.
2. Redes sensoriais (Redes WSN Wireless Sensor Network).
3. Exemplos.

SEMINARIO**OS MODELOS CIENTÍFICOS E INTRODUCCIÓN O SOFTWARE DE MODELIZACIÓN****Motivación:**

Na actualidade existen numerosas aplicacións informáticas de notable utilidade na modelización de situacións medioambientais, este tipo de aplicacións teñen como obxectivo máis claro e importante a capacidade cerar novas ferramentas de mellora das organización e os procesos de forma que estes determine actividades que xeren maior e mellor produtividade das empresas de forma que os procesos e os servizos se rentabilicen en pro dunha mellora clara da competitividade.

Programa:

1. As necesidades de predicción e control no ámbito ambiental.
2. Modelos científicos e necesidades para expresar resultados.
3. Tendencias na Unión Europea.
4. Software baseado nos modelos científicos.
5. Casos reais.

SEMINARIO**REDES SOCIAIS E EMPRESA****Motivación:**

O auxe das redes sociais é un problema para as empresa,s pero tamén unha oportunidade se saben aproveitalas de maneira correcta. Grazas a estas ferramentas, cada día miles de persoas comparten ideas sobre os produtos e servizos que ofertan as empresas, sendo estas rutinas parte da súa vida cotiá. Pero a maioría de empresas queren estar nas redes sociais se facer unha estratexia nin plantexarse una serie de cuestiones previas. É por todo isto que a realización desta actividade facilitaría ás empresas o seu desenrolo dentro do mercado das TIC, para se innovadoras nos procesos

de xestión, pero tamén nos de venta e marketing.

Programa:

1. Tipos de Redes Sociais.
2. Que rede social elixir segundo o tipo de empresa.
3. Que oferta internet para poder facer medrar un negocio.
4. Como determinar o proceso a seguir.
5. Ferramentas de traballo.

4. CONCLUSIÓN

Coa celebración deste proxecto, e dos Seminarios que incluía, un importante grupo de profesionais, empresas, e persoas directa ou indirectamente vencelladas ao sector medioambiental, tiveron a oportunidade de asumir unha perspectiva completa, dinámica e innovadora deste eido, e das súas posibilidades a tódolos niveis. Un sector que evoluciona e crece con rapidez, e no que os profesionais queren tomar a iniciativa para poder adaptarse aos cambios que se están a dar no seu mercado, e mesmo no seu traballo diario.

Os profesionais asistentes manifestaron un alto grao de coñecemento sobre a situación actual do sector, marcada por unha demanda cada vez mais esixente que lles obriga unha actualización continua, cada vez vai máis integrada no desenvolvemento das novas tecnoloxías.

Nestas sesións os participantes puxeron de manifesto as súas inquiredanzas iniciais sobre a posible evolución das empresas medioambientais en Galicia; pero este termo pasou a un segundo plano no intre no que tiveron oportunidade de observar posibilidades reais de mellora e evolución a través de novas ferramentas cas que poder adaptarse con solvencia á demanda existente.

Coma resumo final, pódese dicir que estes Seminarios contaron coa grande aceptación duns profesionais que non queren nin poden deixar de adaptarse, e que requiren novas acción de difusión e formación que promovan, coma neste caso, unha visión global e innovadora da situación do mercado, coma instrumento e apoio co que facer fronte ás necesidades que marcan hoxe as demandas do cliente final no sector do medio ambiente en Galicia.



Os Modelos científicos e Introducción ao Software de Modelización. Vigo, 27/10/2011

5. ANEXO I: GALERÍA FOTOGRÁFICA





6. ANEXO II: CADRO DE EXECUCIÓN

| DENOMINACIÓN | DATA | HORARIO | LUGAR | CENTRO DE REALIZACIÓN | RELATORES |
|--|------------|---------------|------------------------|--|---|
| As TIC na empresa Ambiental. Uso básico de Sistemas de Información – Edición 1 | 20/10/2011 | 09:00 - 14:00 | Vigo | Educatic Gap Pue SL. Rúa Zamora nº 106- 36211-Vigo. | María Jesús Pérez Vázquez |
| As TIC na empresa Ambiental. Uso básico de Sistemas de Información – Edición 2 | 20/10/2011 | 16:00 - 21:00 | Pontevedra | Academia Postal 3 Vigo SL. Rúa Paseo de Colón Nº7- Pontevedra | María Jesús Pérez Vázquez |
| As TIC na Xestión de Augas. Automatización do Control e Xestión – Edición 1 | 04/11/2011 | 09:00 - 14:00 | Santiago de Compostela | Hotel Os Abetos. San Lázaro, s/n, 15820 Santiago de Compostela, A Coruña | María Jesús Pérez Vázquez |
| As TIC na Xestión de Augas. Automatización do Control e Xestión – Edición 2 | 04/11/2011 | 16:00 - 21:00 | Vigo | Educatic Gap Pue SL. Rúa Zamora nº 106- 36211-Vigo. | María Jesús Pérez Vázquez |
| Os Modelos científicos e Introducción ao Software de Modelización – Edición 1 | 27/10/2011 | 09:00 - 14:00 | Santiago de Compostela | Hotel Os Abetos. San Lázaro, s/n, 15820 Santiago de Compostela, A Coruña | María Jesús Pérez Vázquez Jorge Seoane Brandariz Mario González Granja Jaime Otero Sánchez |
| Os Modelos científicos e Introducción ao Software de Modelización – Edición 2 | 27/10/2011 | 16:00 - 21:00 | Vigo | Educatic Gap Pue SL. Rúa Zamora nº 106- 36211-Vigo. | María Jesús Pérez Vázquez Jorge Seoane Brandariz Mario González Granja Jaime Otero Sánchez |
| Redes Sociais e Empresa – Edición 1 | 08/11/2011 | 16:00 - 21:00 | Vigo | Educatic Gap Pue SL. Rúa Zamora nº 106- 36211-Vigo. | Arancha Vilas Pérez |
| Redes Sociais e Empresa – Edición 2 | 10/11/2011 | 16:00 - 21:00 | Vigo | Educatic Gap Pue SL. Rúa Zamora nº 106- 36211-Vigo. | Arancha Vilas Pérez |